

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

14806 *Real decreto 1341/2018, do 29 de outubro, polo que se establecen medidas transitorias para o mantemento, en favor das persoas con discapacidade, do subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.*

O Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e se regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, estableceu un sistema especial de prestacións sociais e económicas para as persoas con discapacidade que, por non desenvolveren unha actividade laboral, non estaban incluídas no campo de aplicación do sistema da Seguridade Social. Moitas desas prestacións foron integradas no sistema sanitario, no sistema da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, no Sistema para a autonomía e atención á dependencia, así como nas prestacións recoñecidas nas leis de servizos sociais das comunidades autónomas. Non obstante, o citado Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, aínda regula os requisitos e condicións do subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte e da asistencia sanitaria e prestación farmacéutica.

O artigo 32 do mencionado real decreto establece o nivel de recursos persoais vinculado ao recoñecemento do dereito ás prestacións económicas, fixando como contía de referencia o salario mínimo interprofesional. Non obstante, en virtude do artigo 2 e seguintes do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, as referencias que realiza ao salario mínimo interprofesional deben entenderse feitas ao indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM) creado nesta norma.

A contía do IPREM non foi actualizada para o exercicio 2018, ao non se ter previsto a súa modificación na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Iso supón que, tras o incremento da contía das pensións non contributivas de xubilación e invalidez producida neste exercicio, parte dos perceptores deixaron de cumprir co requisito de carencia de rendas fixado no artigo 32 do Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, por superar a contía da pensión non contributiva o setenta por cento do IPREM, polo que este colectivo queda excluído do recoñecemento ao dereito ao subsidio xa mencionado. Esta situación resulta incompatible co espírito do real decreto, xa que unha moderada elevación de rendas deixa as persoas con discapacidade fóra do ámbito protector do subsidio que atende as súas necesidades específicas, e que viñeron percibindo ata o momento de producirse a entrada en vigor da citada Lei 6/2018, do 3 de xullo, motivo polo cal cómpre aprobar unha disposición que corrixa esta situación non desexada.

A teor do exposto, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, é evidente que trata de protexer un determinado colectivo que sufriu unha perda de dereitos non pretendida. Por outra parte, o real decreto axústase aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, ao establecer o real decreto a regulación indispensable para conseguir o obxectivo desexado, así mesmo, o real decreto é coherente co resto do ordenamento xurídico e non supón a creación de novas cargas administrativas.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia en canto que no seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto foi sometido ao trámite de información pública. Así mesmo, durante a súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe o Consello Nacional da Discapacidade.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Ten o seu fundamento legal na disposición derradeira terceira, en relación co artigo 8.1.b) do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.*

As persoas con discapacidade beneficiarias dunha pensión non contributiva da Seguridade Social que, como consecuencia do incremento experimentado nela pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2018, perdesen o seu dereito a percibir o subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte como consecuencia da superación das porcentaxes de recursos persoais previstos no artigo 32 do Real decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e se regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, continuarán percibindo o subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte ata a próxima actualización do indicador público de renda de efectos múltiples.

Artigo 2. *Aboamento das cantidades non percibidas do subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.*

Os órganos xestores correspondentes das comunidades autónomas e as direccións territoriais do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, segundo corresponda, iniciarán de oficio o procedemento para aboar ás persoas con discapacidade, a que se refire o artigo 1, os importes non percibidos en concepto de subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte desde o 5 de xullo de 2018 ata a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid 29 de outubro de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social,
MARÍA LUISA CARCEDO ROCES